

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN MÚSICAS AO VIVO PARA O DESENVOLVEMENTO DA DÉCIMA EDICIÓN DOS PREMIOS MARTÍN CÓDAX DA MÚSICA EN 2023**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa Asociación Músicas ao Vivo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2023.

#### **Que o instrumento convencional ten por obxecto:**

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento da décima edición dos Premios Martín Códax da Música que organiza a Asociación Músicas ao Vivo, convocatoria destinada a proxectos musicais galegos (grupos, solistas, espectáculos e proxectos discográficos) vixentes e en activo en 2023 que compiten en 15 categorías musicais que recollen os máis variados estilos musicais, ademais dun premio honorífico como homenaxe á traxectoria artística e dedicación á música ao vivo; os tres premios Organistrum, cos que se pretende recoñecer o labor das salas, festivais e proxectos de comunicación e difusión musical, e artista emerxente, que premia a proxección e potencial dun proxecto de nova creación.

#### **Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:**

A Asociación Músicas ao Vivo organiza por décimo ano os Premios Martín Códax da Música como un xeito de recoñecer e darlle visibilidade a unha industria cun gran potencial creativo e calidade artística, promovendo a música feita en Galicia, ou fóra pero por músicos galegos, non só a nivel da Comunidade, senón tamén estatal e mesmo internacionalmente, ampliando deste xeito a actividade económica no exterior. Recoñecer a creación, a diversidade e a calidade artística das producións musicais, facer rendible o potencial da música galega dando visibilidade a todo un sector, revelar novos talentos da escena musical galega e achegar a música e o seu proceso de produción ao público son os piares non que se sustentan estes premios, e que a Agadic xulga necesario apoiar de cara á súa consolidación ao considerar este proxecto como unha inmellorable plataforma de promoción deste sector básico da cultura galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017,



de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

